

## **BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL TÉCNICO E DOCENTE, DAS ACCIÓNS FORMATIVAS PARA DESEMPREGADOS (PROGRAMA AFD) DO PATRONATO MUNICIPAL BEIRAMAR NO PERÍODO 2023-2024**

### **Primeira.- OBXECTO**

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección das persoas que serán contratadas dentro do programa AFD 2023-2024 do Patronato Municipal Beiramar, como persoal docente, técnico e administrativo.

Este programa esta subvencionado ó amparo da a Orde do 11 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para as acción formativas do Plan formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2023-2025, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2023 e 2024 (código do procedemento TR301K) (DOG núm. 95, do 22 de maio).

O obxectivo prioritario das accións formativas reguladas na citada orde é a facilitar a inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras desempregadas naqueles empregos que demandan o sistema produtivo.

Os postos que se convocan son:

1 Monitor/a docente, a tempo total, no seu defecto un docente por cada módulo formativo do Certificado profesionalidade: AFDP0209-SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUATICOS NATURAIS.

1 Monitor/a docente, a tempo total, no seu defecto un docente por cada módulo formativo do Certificado profesionalidade: AFDP0109-SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUATICAS.

1 Monitor/a docente, a tempo total, no seu defecto un docente por cada módulo formativo do Certificado profesionalidade:SSCS0208-ATENCIÓN SOCIOSANITARIA APERSOAL DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS.

1 Monitor/a docente, a tempo total, no seu defecto un docente por cada módulo formativo do Certificado profesionalidade: SSCE0110-DOCENCIA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO.

1 Monitor/a docente, a tempo total, no seu defecto un docente por cada módulo formativo do Certificado profesionalidade: MAMD0209-TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE.

1 Monitor/a docente, a tempo total, no seu defecto un docente por cada módulo formativo do Certificado profesionalidade: EOCJ0311-OPERACIÓNS BÁSICAS DE REVESTIMENTOS LIXEIROS E TÉCNICOS EN CONSTRUCIÓN.

1 Monitor/a docente, a tempo total, no seu defecto un docente por cada COMPETENCIA incluída no curso FCOV26-COMPETENCIAS CLAVE N2: Comunicación en Lingua Castelá, Competencia Matemáticas e Comunicación en Lingua estranxeira (Inglés).

1 Monitor/a docente, a tempo total, para impartir o módulo transversal: FCOXXX26 –Básico de prevención de riscos laborais, vinculado a acción formativa MAMD0209-Traballos de Carpintería e Moble.

1 Técnico/a de Formación/docente dos módulos transversais, a tempo total, para coordinar, realizar o seguimento da actividade docente e impartir os módulos transversais: FCOO03- Inserción laboral, sensibilización ambiental e, FCOXXX24 - Formación para a Igualdade vinculados aos SETE cursos aprobados.

1 Administrativo/a, a tempo total para a xestión administrativa programa AFD 2023.2024.

Os postos convocados serán todos a xonada completa; a súa duración estará vinculada o periodo de impartición das acción formativas,

Planificación inicial das accións formativas:

NÚM. CURSO	DENOMINACIÓN	HOR.	DIAS	DATAS IMPATICIÓN	HORARIO
2023/004702	Socorrismo en espazos acuáticos naturais	438	82	15/05/24-12/09/24	9:00-14:00
2023/004713	Socorrismo en instalacións acuáticas	388	72	17/01/24-03/05/24	8:45-13:45
2023/004718	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	468	88	09/02/24-20/06/24	16:00-21:00
2023/004722	Docencia da formación profesional para o emprego	398	77	12/02/24-06/06/24	9:10-14:10
2023/004729	Traballos de carpintería e moble	378	70	28/02/24-13/06/24	9:00-14:00
2023/004733	Comunicación en lingua castelá, competencia matmática e comunicación en lingua estranxeira (inglés) N2	438	88	15/02/24-26/06/24	16:10-21:10
2023/004738	Operacións básicas de revestimentos lixeiros e técnicos na construción	328	63	19/06/24-19/09/24	8:30-13:30

As retribucións de cada un dos postos son as que se indican a continuación.

Retribución salarial mensual:

**MONITOR/A DOCENTE DO CURSO: SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS**

DOCENTE MODULOS CERTIFICADO	Salario + p.p.extras	indemn cese	salario bruto/mes	Cuota empresa	total coste/mes
Módulos Formativos	3.200,00	106,66	3.306,66	1.043,20	4.349,86
Módulos Prácticas	2.400,00	79,99	2.479,99	782,40	3.262,39

**MONITOR/A DOCENTE DO CURSO: SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS**

DOCENTE MODULOS CERTIFICADO	salario+extras	indemn cese	salario bruto/mes	Cuota empresa	total coste/mes
Módulos Formativos	3.200,00	106,66	3.306,66	1.043,20	4.349,86
Módulos Prácticas	2.400,00	79,99	2.479,99	782,40	3.262,39

**MONITOR/A DOCENTE DO CURSO: ATENCIÓN SOCIOS. PERSOAS DEPEND. INSTIT. SOCIAIS**

DOCENTE MODULOS CERTIFICADO	salario+extras	indemn cese	salario bruto/mes	Cuota empresa	total coste/mes
Módulos Formativos	3.200,00	106,66	3.306,66	1.043,20	4.349,86
Módulos Prácticas	2.400,00	79,99	2.479,99	782,40	3.262,39

**MONITOR/A DOCENTE DO CURSO: DOCENCIA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO**

DOCENTE MODULOS CERTIFICADO	salario+extras	indemn cese	salario bruto/mes	Cuota empresa	total coste/mes
Módulos Formativos	3.200,00	106,66	3.306,66	1.043,20	4.349,86
Módulos Prácticas	2.400,00	79,99	2.479,99	782,40	3.262,39

**MONITOR/A DOCENTE DO CURSO: TRABALLOS DE CARPINTERIA E MOBLE**

DOCENTE MODULOS CERTIFICADO	Salario + p.p.extras	indemn cese	salario bruto/mes	Cuota empresa	total coste/mes
Módulos Formativos	3.200,00	106,66	3.306,66	1.043,20	4.349,86
Módulos Prácticas	2.400,00	79,99	2.479,99	782,40	3.262,39
Módu. Transv. De Prevención RRLL	3.200,00	106,66	3.306,66	1.043,20	4.349,86

**MONITOR DOCENTE DO CURSO: N2 COMPETENCIAS CLAVE: L. CASTELÁ, MATEMÁTICAS, L. INGLÉS**

DOCENTE COMPETENCIAS CERTIFICADO	salario+extras	indemn cese	salario bruto/mes	Cuota empresa	total coste/mes
Competencias Formativos	3.200,00	106,66	3.306,66	1.043,20	4.349,86

**MONITOR/A DOCENTE DO CURSO: OPERACIÓNS BÁSICAS REVESTIMENTOS LIXEIROS EN CONSTRUCCIÓN**

DOCENTE MODULOS CERTIFICADO	Salario + p.p.extras	indemn cese	salario bruto/mes	Cuota empresa	total coste/mes
Módulos Formativos	3.200,00	106,66	3.306,66	1.043,20	4.349,86
Módulos Prácticas	2.400,00	79,99	2.479,99	782,40	3.262,39

**TÉCNICO/A DE FORMACIÓN E DOCENTE DOS MÓDULOS TRANSVERSAIS: Inserción laboral e Formación para a igualdade**

COORDINACIÓN/DOCENTE	salario+extras	indemn cese	salario bruto/mes	Cuota empresa	total coste/mes
Xestión programa /docente	3.200,00	106,66	3.306,66	1.043,20	4.349,86

**ADMINISTRATIVO/A**

PERSONAL APOIO	salario+extras	indemn cese	salario bruto/mes	Cuota empresa	total coste/mes
Xestión programa	1.721,81	57,39	1.779,20	569,92	2.349,12

## **Segunda.- FUNCÍONS DOS POSTOS DE TRABALLO.**

As funcións que corresponden aos postos de traballo son:

### **- PERSOAL DOCENTE:**

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- d) Manter a disciplina do alumnado, dando conta das incidencias que se produzan
- e) Responsabilizarse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- f) Titorizar e realizar o seguemento das prácticas profesionais do alumnado.

### **TÉCNICO/A DE FORMACIÓN:**

- a) Xestión e supervisión económica e coordinación xeral do proxecto. Manexo programa informático SIFO3
- b) Levar a planificación e seguimento do proxecto, incluída a xestión das prácticas profesionais non laborais en centros de traballo.
- c) Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo.
- d) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- e) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal e alumnado e o cumprimento das súas obrigas, manexo sistema control biométrico COBIPE.
- f) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.
- g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
- h) Programar e impartir, por cada un dos cursos aprobados, a materia dos módulos transversais de: FCOO03 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero de 10 h. e, FCOXXX24 - Formación para a igualdade de 8 h.
- i) Facilitar de maneira individualizada información e orientación laboral para a propia acción formativa
- j) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.

### **ADMINISTRATIVO/A:**

- a) Todas aquelas funcións administrativas derivadas do desenvolvemento do programa formativo.
- b) Apoio administrativo ó Técnico/a de formación.
- c) Apoio administrativo a Dirección do programa formativo

## **Terceira.- CONTRATACIÓN DO PERSOAL PARTICIPANTE**

O Patronato Municipal Beiramar formalizará, no modelo oficial correspondente, os contratos do persoal seleccionado, figure como tal nas actas de selección, previa validación do Servizo de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia.

A modalidade de contratación será para todos os postos a de, contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, código 405.

O programa AFD ten autonomía e sustantividade propia dentro da actividade da entidade.

#### **Cuarta.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES**

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) REQUISITOS XERAIS.

1. Ter nacionalidade española. As persoas nacionais dos demais Estados membros da U.E. e as persoas estranxeiras residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia e o cumprimento das condicións establecidas para tódalas persoas aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.

2. Ter 16 anos cumpridos e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

3. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se opta e non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto

4. Non ser persoa separada, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse a persoa inhabilitada para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen as disposicións vixentes.

5. Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

6. Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego.

b) REQUISITOS MÍNIMOS: Os requisitos mínimos están establecido nos **baremos anexos** estas bases, para cada un dos distintos postos de traballo.

**A posesión destes requisitos condicionarán a admisión das persoas candidatas ao proceso selectivo.** Deberán posuír os requisitos (xerais e mínimos) ou estar en condicións de obtelos na data na que *remate o prazo de presentación de solicitudes*.

Pasarán ás fases de entrevista persoal e á de valoración de méritos unicamente, as persoas aspirantes que reúnan os requisitos para cada posto.

#### **Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS**

1. O sistema de admisión de persoas candidatas será dobre:

- Oferta de emprego tramitada na Oficina de Emprego de Cangas do Morrazo.
- Convocatoria aberta publicitada a través da sede electrónica do Concello de Moaña, da páxina web do Patronato Municipal Beiramar e anuncio dun dos diarios de maior tirada provincial.

2. No caso da oferta á oficina de emprego, os parámetros da sondaxe serán:

a) **Ámbito xeográfico:** Concello de Moaña. De non atoparse candidatos/as, ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, do ámbito da oficina de emprego ata o ámbito provincial.

b) **Número de persoas candidatas a remitir:** TRES por posto, que deberán cumprir os requisitos establecidos na base cuarta destas bases e estar acreditados.

c) **Terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.**

4. A oficina de emprego convocará ás persoas candidatas que resulten da dita sondaxe e comunicaralles a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos.

#### **Séxta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección constará dunha primeira fase de entrevista persoal, coas persoas candidatas que cumpran os requisitos establecidos na base cuarta destas bases e estean acreditados, e dunha derradeira de valoración de méritos en base aos Baremos anexos a estas bases, establecidos para cada posto.

#### **Sétima.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

As persoas candidatas, a participar no proceso selectivo, deberán presentar a súa solicitude, Anexo I que acompaña a estas bases, xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos a documentación necesaria para a valoración de méritos, **na sede electrónica do Concello de Moaña ou ben, con cita previa, no rexistro xeral do Patronato Beiramar ou do Concello de Moaña.**

Poderanse presentar solicitudes no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte á publicación das presentes bases.

Xunto coa instancia xeral de solicitude de participación no proceso selectivo (na que se deberá indicar o posto ao que se opta e deberá estar dirixida a presidenta do Patronato Municipal Beiramar) as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- DNI
- Título esixido ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto e de non ser persoa separada, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse a persoa inhabilitada para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade segundo as disposicións vixentes.
- Documentación acreditativa da experiencia profesional
- Documentación acreditativa da formación que desexen lle sexa valorada

#### **1.-Acreditación de requisitos e méritos:**

a) **A EXPERIENCIA PROFESIONAL** acreditarase:

- Traballo por conta allea: acreditada a través de vida laboral actualizada máis copia de contratos onde figure a categoría profesional; ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectan claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.
- Persoas Traballadoras Autónomas: mediante vida laboral actualizada, xustificante de alta de actividade económica (IAE) e facturas ou contratos en que consten os servizos prestados
- Traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

O cómputo da experiencia realizarase, de acordo cos datos reflectidos no Certificado de Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, se se require un ano de experiencia para un posto, este haberá de ser a xornada completa.

- b) A FORMACIÓN** acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo referencia inescusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.

As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos ou resgardos da solicitude dos mesmos.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o tribunal de selección valorará as solicitudes recibidas, comprobando que cumpren os requisitos establecidos, e procederá á declaración provisional do persoal admitido e excluído.

#### **Oitava.- FASE DE ENTREVISTA PERSOAL.**

1. A entrevista persoal terá lugar coas persoas admitidas ao proceso de selección co fin de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo que se convocan.

Versará sobre coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto e sobre coñecementos relacionados co Programa de accións formativas para desempregados..

2. Esta fase, que non será eliminatória, valorarase de 0 ata 4 puntos e suporá o 28,60% da puntuación total do proceso selectivo.

3. A entrevista persoal para a selección, do persoal docente, técnico e administrativo terá lugar nas dependencias do Patronato Municipal Beiramar, debendo acudir os aspirantes provistos do DNI ou documento substitutivo.

#### **Novena.- FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.**

Finalizada a fase de entrevista persoal, o tribunal de selección valorará, en base aos baremos publicados como anexos a estas bases, os méritos alegados polas persoas candidatas presentadas a entrevista.

A puntuación máxima desta fase **será de 10 puntos** que supoñen o 71,40% da puntuación total do proceso selectivo.

Exporase a relación provisional das puntuacións na sede electrónica do Concello de Moaña e nos taboleiros do Concello, do Patronato Beiramar. Deberá figurar a puntuación da entrevista persoal e a puntuación da valoración de méritos, así como a data que se concede para formular alegacións.

Rematado o prazo de alegacións, o tribunal de selección, noutra sesión, resolverá as alegacións formuladas e establecerá a relación definitiva das puntuacións.

Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que, necesariamente, figurarán as puntuacións acadadas en cada fase, así como as puntuacións finais (suma dos puntos acadados en cada fase) dos candidatos que tiveren superado a totalidade do procedemento selectivo e que determinarán a orde de prelación de aspirantes para a súa ulterior contratación.

Os posibles empates nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos na base décimo primeira.

#### **Décima.- PUNTUACIÓN FINAL. CONTRATACIÓN.**

1. Mediante as dúas fases da selección as persoas aspirantes poderán acadar un **máximo de 14 puntos**. O Patronato Municipal Beiramar contratará para cada posto á persoa aspirante que, obtendo a maior puntuación final, sexa proposta polo tribunal de selección.

2. As puntuacións finais, os nomes das persoas candidatas propostas para seren contratadas e os das integrantes da lista de reserva a que fai referencia a base décimo segunda, publicaranse na sede electrónica do Concello de Moaña e nos taboleiros do Concello, do Patronato Beiramar e da oficina de emprego.

#### **Décimo primeira .- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.**

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis candidaturas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, rexerán os seguintes criterios:

- 1.º A persoa que se atope en situación de desemprego.
- 2.º A maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- 3.º A maior puntuación obtida no apartado de formación complementaria.
- 4.º A maior puntuación obtida no apartado de coñecementos do idioma galego.

#### **Décimo segunda.- LISTA DE RESERVA.**

Rematado o proceso selectivo, elaborárase unha lista de reserva, integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveren as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polas persoas inicialmente seleccionadas.



De non haber persoas candidatas suplentes dispoñibles, iniciarase un novo procedemento selectivo.

#### **Décimo terceira.- Publicidade.**

As presentes bases dos procesos selectivos, así como as listaxes de resultados de cada unha das fases do proceso serán publicadas na sede electrónica do Concello de Moaña e taboleiros de anuncios do Patronato Municipal Beiramar e do Concello de Moaña.

#### **Décimo cuarta.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.**

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

A Administración local tamén poderá, se é o caso, revisar as resolucións do Tribunal segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

#### **Décimo quinta.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

A composición do tribunal cualificador axustarase en todo caso ao establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e na demais lexislación de aplicación aos procesos de selección de persoal na administración local.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, non inferior a cinco, co mesmo número de membros suplentes. As persoas membros do tribunal serán designadas mediante decreto da Presidencia.

#### **Décimo Séxta: PRAZOS.**

Prazo de presentación de solicitudes: 5 días hábiles dende a publicación das bases.

Listaxe provisional de persoas admitidas: Máximo 4 días hábiles dende o final do prazo de presentación de solicitudes.

Alegacións á listaxe de persoas admitidas: 2 días hábiles dende a listaxe provisional.  
Listaxe definitiva de persoas admitidas: Máximo 2 días hábiles dende o final do prazo de alegacións.

A data de realización das entrevistas persoais, xunto co resto das datas do proceso selectivo serán publicadas polo tribunal de selección xunto coa listaxe definitiva de persoas admitidas.

## BAREMOS ANEXOS. SELECCIÓN DE PERSOAL AFD 2023-2024

### REQUISITOS DE ACCESO E BAREMO DE MÉRITOS PARA O POSTO DE TÉCNICO/A DE FORMACIÓN.

#### REQUISITOS MÍNIMOS DE ACCESO

- TITULACIÓN UNIVERSITARIA
- COMPETENCIA DOCENTE (**Certificado de Profesionalidade** de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo)
- 150 horas de formación en materia de xénero ou de experiencia profesional ou docente en materia de xénero
- EXPERIENCIA PROFESIONAL, relacionada co posto de traballo, 12 meses nos últimos 5 anos

#### BAREMO DE MÉRITOS.

*\*Os requisitos mínimos de acceso non serán obxecto de valoración posterior*

*\*Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.*

#### 1.- TITULACIÓN ACADÉMICA (Regrada) .....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50

- Diplomatura, Licenciatura, Grao, relacionada co posto, sempre que sexa outra titulación distinta á de acceso... 0,50 ptos.

#### 2.- FORMACION COMPLEMENTARIA.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00

So se valorará a formación impartida, organizada ou homologada por administracións públicas, universidades, organizacións sindicais, colexios oficiais ou escolas autorizadas para impartir formación.

Os cursos que non especifique o número de horas non se contabilizará.

##### 2.1.- Cursos relacionados co posto nos últimos 10 anos... máximo 1 ptos.

Cursos de 30 a 99 horas..... 0,10

Cursos de 100 a 299 horas..... 0,20

Cursos de 300 a 599 horas..... 0,30

Cursos a partir de 600 horas..... 0,40

##### 2.2.- Cursos en Prevención de Riscos.....máximo 0,60 ptos.

(Só se valorará o grao superior alegado)

Básico xeral..... 0,10

Medio..... 0,30

Superior ou Master..... 0,60

##### 2.3.- Cursos de Informática nos últimos 5 anos.....máximo 0,40 ptos.

Cursos de 30 a 49 horas..... 0,10

Cursos de 50 a 99 horas..... 0,20

Cursos a partir de 100 horas..... 0,30

### **3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacionada co posto. PUNTUACIÓN MÁXIMA 7,00**

3.1. Experiencia en coordinación / técnico de formación de accións formativas para desempregados (AFD). Por cada mes....0,08 pts. (Máx. 7,00 pts.).

3.2. Experiencia en funcións relacionadas coa titoría ou coordinación noutros programas de formación e emprego. Por mes....0,04 pts. (Máx. 1,00 pts.).

Para a valoración da experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo e a categoría profesional a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato.

### **4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:..... PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,40**

4.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,10

4.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,20

4.3. Curso de Nivel Medio de Linguaxe administrativo ou equivalente..... 0,30

4.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo ou equivalente..... 0,40

\*Só se valorará o maior grao homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística

### **5.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10**

## **REQUISITOS DE ACCESO E BAREMO DE MÉRITOS PARA O POSTO DE ADMINISTRATIVO/A.**

### **REQUISITOS MÍNIMOS DE ACCESO**

- TITULACIÓN: Ciclo Superior en Administración e xestión. Outra titulación equivalente
- EXPERIENCIA PROFESIONAL, relacionada co posto de traballo, 12 meses nos últimos 5 anos

### **BAREMO DE MÉRITOS.**

*\*Os requisitos mínimos de acceso non serán obxecto de valoración posterior*

*\*Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.*

### **1.- TITULACIÓN ACADÉMICA (Regrada) .....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50**

- Diplomatura, Licenciatura, Grao, relacionada co posto, sempre que sexa outra titulación distinta á de acceso... 0,50 pts.

## **2.- FORMACION COMPLEMENTARIA.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00**

So se valorará a formación impartida, organizada ou homologada por administracións públicas, universidades, organizacións sindicais, colexios oficiais ou escolas autorizadas para impartir formación.

Os cursos que non especifique o número de horas non se contabilizará.

### **2.1.- Cursos relacionados co posto nos últimos 10 anos... máximo 1 ptos.**

Cursos de 30 a 99 horas..... 0,10

Cursos de 100 a 299 horas..... 0,20

Cursos de 300 a 599 horas..... 0,30

Cursos a partir de 600 horas..... 0,40

### **2.2.- Cursos en Prevención de Riscos.....máximo 0,60 ptos.**

(Só se valorará o grao superior alegado)

Básico xeral..... 0,10

Medio..... 0,30

Superior ou Master..... 0,60

### **2.3.- Cursos de Informática nos últimos 5 anos.....máximo 0,40 ptos.**

Cursos de 30 a 49 horas..... 0,10

Cursos de 50 a 99 horas..... 0,20

Cursos a partir de 100 horas..... 0,30

## **3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacionada co posto. PUNTUACIÓN MÁXIMA 7,00**

3.1. Experiencia laboral como administrativo/a vinculada co desenvolvemento en programas AFD. Por cada mes....0,08 ptos. (Máx. 7,00 ptos.).

3.2. Experiencia como administrativo noutras áreas da administración. Por mes....0,04 ptos. (Máx. 1,00 ptos.).

Para a valoración da experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo e a categoría profesional a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato.

## **4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:..... .PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,40**

4.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,10

4.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,20

4.3. Curso de Nivel Medio de Linguaxe administrativo ou equivalente..... 0,30

4.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo ou equivalente..... 0,40

\*Só se valorará o maior grao homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística

## **5.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10**

## REQUISITOS DE ACCESO E BAREMO DE MÉRITOS PARA O POSTO DE DOCENTES

### REQUISITOS DE ACCESO E BAREMO DE MERITOS DE DOCENTES

#### REQUISITOS MÍNIMOS DE ACCESO

- TODAS AS PERSOAS CANDIDATAS DEBERÁN ACREDITAR COMPETENCIA DOCENTE de acordo con algún dos seguintes apartados:

:

- a) Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo)
- b) *Titulados universitarios oficiais de licenciado en Pedagixía, Psicopedagogía ou Mestre en calqueira das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía ou de Pedagogía, ou de un título universitario oficial de posgrado nos citados ámbitos.*
- c) *Titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se encontren en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica ou o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Máster Universitario habilitante para o exercicio das Profesioóns reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas.*
- d) *Acreditar experiencia docente contrastada como mínimo de 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.*

**- TITULACIÓN E EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDAS PARA DOCENTE  
CURSO AFDP0209-SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURALS**

MODULOS FORMATIVOS CERTIFICADO	Acreditación requirida	Ter Experiencia profesional (NON DOCENTE) requirida no ámbito da competencia de cada MODULO FORMATIVO	
		Con acreditación	Sen acreditación
<p>MF0269_2: Natación.</p> <p>MF1082_2: Prevención de accidentes en espazos acuáticos naturais</p> <p>MF1083_2: Rescate de accidentados en espazos acuáticos naturais</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Técnico Superior da familia profesional de Actividades físicas e deportivas.</li> <li>• Técnico Deportivo Superior das modalidades deportivas afíns a estes Módulos Formativos</li> <li>• Certificados de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de Actividades físicas e deportivas</li> </ul>	1 ano	3 anos
MF0272_2: Primeiros auxilios	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licenciado en medicina e ciruxía ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Diplomado en efermería ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes</li> </ul>	1 ano	Imprescincible acreditación

(RD 711/2011, de 20 de maio, modificado polo RD 611/2013, de 2 de agosto)

**- TITULACIÓN E EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDAS PARA DOCENTE  
CURSO AFDP0109-SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS**

MODULOS FORMATIVOS CERTIFICADO	Acreditación requirida	Ter Experiencia profesional (NON DOCENTE) requirida no ámbito da competencia de cada MODULO FORMATIVO	
		Con acreditación	Sen acreditación
<p>MF0269_2: Natación.</p> <p>MF0270_2: Prevención de accidentes en instalacións acuáticas</p> <p>MF0271_2: Rescate de accidentados en instalacións acuáticas</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Técnico Superior da familia profesional de Actividades físicas e deportivas.</li> <li>• Técnico Deportivo Superior das modalidades deportivas afíns a estes Módulos Formativos</li> <li>• Certificados de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de Actividades físicas e deportivas</li> </ul>	1 ano	3 anos
MF0272_2: Primeiros auxilios	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licenciado en medicina e ciruxía ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Diplomado en efermería ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes</li> </ul>	1 ano	Imprescincible acreditación

(RD 711/2011, de 20 de maio, modificado polo RD 611/2013, de 2 de agosto)

**- TITULACIÓN E EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDAS PARA DOCENTE  
CURSO SSCS0208-ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDIENTES  
EN INSTITUCIÓN SOCIAIS**

MODULOS FORMATIVOS CERTIFICADO	Acreditación requirida	Ter Experiencia profesional (NON DOCENTE) requirida no ámbito da competencia de cada MODULO FORMATIVO	
		Con acreditación	Sen acreditación
<p>MF1016_2: Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional.</p> <p>MF1017_2: Intervención na atención hixiénico-alimentaria en institucións</p> <p>MF1018_2: Intervención na atención sociosanitaria en institucións.</p> <p>MF1019_2: Apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Técnico Superior da familia profesional de Servizos Socioculturais e a Comunidade.</li> <li>• Certificados de profesionalidade de nivel 3 da área de Atención social da familia profesional de Servizos Socioculturais e a Comunidade.</li> </ul>	1 ano	3 anos
<p>(RD 1379/2008, de 1 de agosto, modificado polo RD 721/2011, de 20 de maio, modificado polo RD 625/2013, de 2 de agosto).</p>			



**- TITULACIÓN E EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDAS PARA DOCENTE  
CURSO SSCE0110-DOCENCIA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O  
EMPREGO.**

<b>MODULOS FORMATIVOS CERTIFICADO</b>	<b>Acreditación requirida</b>	<b>Experiencia profesional requirida</b>
<p>MF1442_3: Programación didáctica de acción formativas para o Emprego.</p> <p>MF1443_3: Selección, elaboración, adaptación e utilización de materiais, medios e recursos didácticos na formación profesional para o Emprego</p> <p>MF1444_3: Impartición e titorización das accións formativas para o emprego.</p> <p>MF1445_3: Avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe na formación profesional para o Emprego</p> <p>MF1446_3: Orientación laboral e promoción da calidade na formación profesional para o Emprego</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> </ul>	<p>1 ano</p>
<p>(RD 1697/2011, de 18 de novembro, modificado polo RD 625/2013, de 2 de agosto).</p>		

**- TITULACIÓN E EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDAS PARA DOCENTE  
CURSO MAMD0209-TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE.**

MODULOS FORMATIVOS CERTIFICADO	Acreditación requirida	Ter Experiencia profesional (NON DOCENTE) requirida no ámbito da competencia de cada MODULO FORMATIVO	
		Con acreditación	Sen acreditación
<p>MF0162_1: Mecanizado de madeira e derivados.</p> <p>MF0173_1: Axuste e embalado de mobles e elementos de carpintería</p> <p>MF0882_1: Montaxe e instalación de elementos de carpintería e moble.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Técnico Superior da familia profesional de Madeira, Moble e Corcho.</li> <li>• Certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 da área profesional de Produción carpintería e moble da familia profesional de Madeira, Moble e Corcho.</li> </ul>	1 ano	4 anos
(RD 717/2011, de 20 de maio, modificado polo RD 989/2013, de 13 de decembro).			

**- TITULACIÓN E EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDAS PARA DOCENTE CURSO EOCJ0311-OPERACIÓN BÁSICAS DE REVESTIMIENTOS LIXEIROS E TÉCNICOS EN CONSTRUCCIÓN.**

MODULOS FORMATIVOS CERTIFICADO	Acreditación requirida	Ter Experiencia profesional (NON DOCENTE) requirida no ámbito da competencia de cada MODULO FORMATIVO	
		Con acreditación	Sen acreditación
<p>MF0276_1: Labores auxiliares de obra.</p> <p>MF0871_1: Tratamento de soportes para revestimento en construción</p> <p>MF1902_1: Pavimentos lixeiros con apoio continuo.</p> <p>MF1903_1: Labores básicas en instalacións de placa de ieso laminado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Técnico Superior da familia profesional de Edificación e Obra Civil.</li> <li>• Certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 das áreas profesiois de Estructuras, Albanelería e acabados e Colocación e montaxe da familia profesional de Edificación e Obra Civil.</li> </ul>	1 ano	3 anos
(RD 615/2013, de 2 de agosto).			

**- TITULACIÓN E EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDAS PARA DOCENTE  
CURSO: FCOV26-COMPETENCIA CLAVE N2: COMUNICACIÓN EN LINGUA  
CASTELÁ, COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMUNICACIÓN EN LINGUA  
ESTRANXEIRA (INGLÉS)**

COMPETENCIAS	Titulación requirida	Competencia docente requirida
- COMUNICACIÓN EN LINGUA CASTELÁ (120 horas)	• Título oficial de Grao, Licenciatura ou diplomatura no ámbito lingüístico.	- Ter experiencia profesional como docente alomenos 600 horas, nos últimos dez anos
- COMPETENCIA EN MATEMÁTICA (120 horas)	• Título oficial de Grao, Licenciatura ou diplomatura no ámbito Matemático.	- Ter o certificado de profesionalidade de formador ocupacional.  - Ter o certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego.
- COMUNICACIÓN EN LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) (180 horas)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licenciatura en Filloxía Inglesa,. Tradución e Interpretación da lingua inglesa ou título de licenciatura ou grao equivalente.</li> <li>• Calquera outra titulación superior cunha das seguintes formacións complementarias.               <ul style="list-style-type: none"> <li>- Haber superado un ciclo dos estudos conducentes á obtención da Licenciatura en Filloxía Inglesa, Tradución e Interpretación en lingua inglesa ou título de licenciatura ou grao equivalente.</li> <li>- Ter acreditada oficialmente a competencia lingüística en inglés de nivel C1 ou superior.</li> </ul> </li> <li>• Titulación universitaria cursada nun país de fala inglesa (estranxeira), no caso, coa correspondente homologación.</li> </ul>	

**- TITULACIÓN E EXPERIENCIA REQUIRIDAS PARA DOCENTE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**

- Técnico superior en Prevención de Riscos Laborais e/ou titulación equivalente ou superior

Acreditación requirida	Experiencia profesional requirida no ámbito da prevención de riscos laborais	
	Con acreditación	Sen acreditación
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> <li>• Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.</li> </ul>	1 ano	4 anos

**BAREMO DE MÉRITOS PARA OS DOCENTES**

*\*Os requisitos mínimos de acceso non serán obxecto de valoración posterior*

*\*Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.*

**1.- TITULACIÓN ACADÉMICA (Regrada)..... PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50**

Titulación distinta á de acceso, relacionada coas funcións a desenvolver...máximo 0,50

**2.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. ....PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00**

Por ter asistido a masters, cursos de formación, xornadas, conferencias....., en materias relacionadas coas funcións do posto de traballo, outorgarase unha puntuación de 0,03 puntos por cada 30 horas formativas.

Valoraranse tamén os cursos de informática a nivel usuario. No caso dos cursos de prevención de riscos laborais e outros cursos con contidos similares so se valorará o de maior grao ou duración de entre os acreditados.

Os cursos que non especifiquen o número de horas non se contabilizarán

So se valorará a formación impartida, organizada ou homologada por administracións públicas, universidades, organizacións sindicais, colexios oficiais ou escolas autorizadas para impartir formación.

**3.- EXPERIENCIA LABORAL NA ESPECIALIDADE .....PUNTUACIÓN MÁXIMA 7,00**

3.1. Experiencia docente na especialidade en formación ocupacional, formación con adultos ou formación profesional. Por cada mes.. 0,08.....máximo 5,00

3.2. Outra experiencia profesional, non docente, relacionada coa especialidade. Por cada mes .0,08.. .....máximo 5,00

No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.

**4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:..... .PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,40**

4.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,10

4.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,20

4.3. Curso de Nivel Medio de Linguaxe administrativo ou equivalente..... 0,30

4.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo ou equivalente..... 0,40

\*Só se valorará o maior grao homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística

**5.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10**

**ANEXO I**  
**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DO**  
**PROGRAMA AFD 2023-2024**

**DATOS IDENTIFICATIVOS:**

NOME:	APELIDOS:		
DNI:	DATA NACEMENTO:	TELEFONO:	
MAIL:			
ENDEREZO:			

**EXPÓN:**

Que está informado das Bases de selección do persoal das accións formativas para desempregados (programa AFD), convocatoria do Patronato Municipal Beiramar. Considerando que reúne as condicións e requisitos establecidos de acceso,

**SOLICITA:**

Ser admitido/a no proceso selectivo para o posto de:

(\* marque o que corresponda)

(*)	POSTO SOLICITADO
	<b>TÉCNICO/A DE FORMACIÓN/DOCENTE MT: FCOO03 – FCOXXX24</b>
	<b>ADMINISTRATIVO/A</b>
	<b>DOCENTE DA AF: (AFDP0209) SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS:</b> <input type="checkbox"/> MF0269_2 <input type="checkbox"/> MF1083_2 <input type="checkbox"/> MF1082_2 <input type="checkbox"/> MF0272_2
	<b>DOCENTE DA AF: (AFDP0109) SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS NATURAIS:</b> <input type="checkbox"/> MF0269_2 <input type="checkbox"/> MF0271_2 <input type="checkbox"/> MF0270_2 <input type="checkbox"/> MF0272_2
	<b>DOCENTE DA AF: (SSCS0208) ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDIENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS:</b> <input type="checkbox"/> MF1016_2 <input type="checkbox"/> MF1018_2 <input type="checkbox"/> MF1017_2 <input type="checkbox"/> MF1019_2
	<b>DOCENTE DA AF: (SSCE0110) DOCENCIA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO:</b> <input type="checkbox"/> MF1442_3 <input type="checkbox"/> MF1444_3 <input type="checkbox"/> MF1446_3 <input type="checkbox"/> MF1443_3 <input type="checkbox"/> MF1445_3
	<b>DOCENTE DA AF: (MAMD0209) TRABALLOS DE CARPINTERIA E MOBLE:</b> <input type="checkbox"/> MF0162_1 <input type="checkbox"/> MF0882_1 <input type="checkbox"/> MF0173_1 <input type="checkbox"/> MT: FCOXXX26 –Básico PRL
	<b>DOCENTE DA AF: (EOCJ0311) OPERACIÓNS BÁSICAS DE REVESTIMENTOS LIXIROS E TÉCNICOS ENCONTRUCIÓN:</b> <input type="checkbox"/> MF0276_1 <input type="checkbox"/> MF1902_1 <input type="checkbox"/> MF0871_1 <input type="checkbox"/> MF1903_1
	<b>DOCENTE DA AF: (FCOV26) COMPETENCIAS CLAVE N2, CON IDIOMAS: COMUNICACIÓN EN LINGUA CASTELÁ, COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMUNICACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS):</b>  <input type="checkbox"/> LINGUA CASTELÁ <input type="checkbox"/> COMPETENCIA MATEMÁTICA <input type="checkbox"/> INGLÉS



A persoa asinante declara,

1º Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto de traballo e que non padece enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes a este posto.

2º Que non é persoa serapada, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin se atopa inhabilitada para o exercicio de funcións públicas, nin está incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinan as disposicións vixentes.

....., ..... de ..... de 2023  
(Sinatura)

Sra. Presidenta do Patronato Municipal Beiramar.